



## VIXILANCIA DE COVID-19

**Caso sospeitoso:** Calquera persoa con cadro clínico de infección respiratoria aguda (IRA) de aparición súbita e de calquera gravidade, incluíndo febre, tose ou falta de alento, entre outros. Ante a presenza doutros síntomas atípicos como a odinofaxia, anosmia, ageusia, dores musculares, entre outros, entre outros, poden ser considerados tamén síntomas de sospeita de infección por SARS-CoV-2 segundo criterio clínico, agás que se trate dun contacto estreito<sup>[1]</sup> dun caso confirmado ou probable, que ante a aparición de calquera deses síntomas será tratado como caso sospeitoso.

**Caso confirmado con infección activa:** Caso sospeitoso cunha PDIA<sup>[2]</sup> positiva ou cun resultado positivo a IgM ou IgA por unha técnica serolóxica de alto rendemento (non por un test rápido)<sup>[3]</sup>; ou persoa asintomática<sup>[4]</sup> con PCR positiva e IgG negativa ou non realizada.

**Caso confirmado con infección resolta:** Persoa asintomática con IgG positiva, con ou sen PDIA positiva.

**Caso probable:** a) **por clínica:** Caso sospeitoso cunha infección respiratoria aguda grave clínica e radioloxicamente compatible con COVID-19 e PDIA negativa; ou b) **por laboratorio:** caso sospeitoso con PDIA non concluínte. A efectos do manexo, os casos probables son como os confirmados.

**Caso descartado:** Caso sospeitoso con PDIA negativa e IgM negativa ou non realizada nos que non haxa alta sospeita clínica.

[1] **Contacto estreito:** Calquera persoa que proporcionase coidados a un caso: persoal sanitario ou socio-sanitario que non utilizou as medidas de protección axeitadas, membros familiares ou persoas que teñan outro tipo de contacto físico similar - **OU** -

A nivel comunitario, calquera persoa que estivese no mesmo lugar que un caso, a unha distancia menor de 2 metros durante máis de 15 minutos (que non teñen por que ser seguidos). Con todo, en contornas nas que se poida facer unha valoración do seguimento das medidas de prevención, incluído o uso correcto e continuado da máscara, poderá realizarse unha valoración individualizada polo responsable que sexa designado para ese fin.

O contactos de centros escolares defínense no Anexo.

O prazo para definir contactos comeza dous días antes da data de inicio de síntomas (ou da toma de mostra nos casos asintomáticos) e remata no momento que comeza o illamento.

[2] **PDIA:** Probas diagnósticas de infección activa: proba rápida de detección de antíxenos realizada nos 5 días que seguen ao inicio dos síntomas, e detección de ARN viral por RT-PCR o unha técnica molecular equivalente

[3] **Tests rápidos:** A positividade dos test rápidos de anticorpos totais ou de IgM non permite confirmar o caso, e nas persoas con síntomas de caso sospeitoso haberá que facer sempre unha PCR, e nas asintomáticas<sup>[4]</sup> haberá que facer unha IgG por unha técnica serolóxica de alto rendemento.

[4] **Persoa asintomática.** A que non ten síntomas compatibles cos de caso sospeitoso dende hai máis de 14 días.

### Caso sospeitoso: actuación inmediata

Poñer en illamento ao caso sospeitoso.

Pedir unha mostra para PCR, que se debe realizar o máis axiña posible.

### Notificación de casos de COVID-19 a Saúde pública

Todo médico que identifique un caso confirmado ou probable ten a obriga de declaralo a saúde pública, o que fai atención ambulatoria segundo se indica en Manexo de casos en atención primaria<sup>[1]</sup>, e o que fai atención hospitalaria segundo se indica en Manexo de casos no hospital<sup>[1]</sup>.

Os laboratorios de microbioloxía teñen a obriga de notificar os casos confirmados, e farano co mesmo procedemento que viñan empregado ata agora<sup>[2]</sup>.

[1] <https://www.sergas.gal/Saude-publica/COVID-19-DXSP> [2] <https://www.sergas.gal/Saude-publica/Novo-coronavirus-2019-nCoV>



## ANEXO

### Contactos estreitos en centros escolares

- **No primeiro ciclo de educación infantil**, entenderase contacto estreito a todas as persoas pertencentes ao grupo de convivencia estable.
- **Para os niveis do segundo ciclo de educación infantil e restantes por encima dos 6 anos**, identificarase como contacto estreito a calquera persoa que puidese compartir espazo co confirmado a unha distancia <2 metros arredor do caso durante máis de 15 minutos agás que se poida asegurar que se realizou un uso adecuado da máscara.
- **Calquera profesional do centro educativo**, profesor ou outro traballador, que compartise espazo cun caso confirmado a unha distancia <2 metros do caso sen a utilización correcta da máscara durante máis de 15 minutos.